

ASUNTO: Aclaración técnica en relación co criterio de adxudicación descrito no apartado 10.3.3 do prego administrativo do expediente de licitación CON/59/2016, e máis concretamente coas especificacións técnicas para os efectos de compatibilidade co sistema informático municipal.

PREGUNTA

Recíbese a pregunta formulada pola empresa FERROVIAL co texto seguinte:

“O prego administrativo pide como un dos criterios de adxudicación, avaliábeles mediante cifras ou porcentaxes; descrito no apartado 10.3.3, mellora 4, o desenvolvemento e implantación dunha plataforma web para control e supervisión dos labores e traballos a desenvolver polo adxudicatario. Na páxina 10 do prego administrativo di, respecto desta plataforma, que “As aplicacións deben ser compatibles co sistema informático municipal”; a dubida é ¿cales son os requisitos para a compatibilidade de dita plataforma?”

Postos en contacto co licitador, informa que utilizan unha solución web propia que ofrecen como servizo, executada sobre o seu propio sistema informático, e sen necesidade de instalación nos servidores municipais.


RESPOSTA

Sendo este o modelo, non procede o establecemento de requisitos técnicos mínimos de integración co sistema informático municipal.

En todo caso, considérase igualmente indispensable que a información xerada e almacenada na aplicación informática que forma parte da oferta, sexa no seu momento recuperable para o Concello en formatos abertos ou estándar de mercado.

Santiago de Compostela, 24 de febreiro de 2017

O XEFE DE INFORMÁTICA



Asdo.: Jesús Rodríguez Castro

